



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do día 19 de decembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusa verbalmente a súa asistencia D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ, D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ e D. JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 05 -12- 2016.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 05 de decembro de 2016.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

EXPTE 3707/2016.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Narciso Benítez Hidalgo.

Visto que, segundo se desprende do informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes:

- Con data 11 de novembro de 2016 foi presentada por D. Narciso Benítez Hidalgo solicitude de licenza urbanística para a AMPLIACION E SUSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR existente no LG. PEDROUZOS, N.º 1 - SAN PEDRO, desta localidade, con referencia catastral 27067A037009880000XB, polígono 37, parcela 988

- Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- xustificante do aboamento dos tributos municipais;
- proxecto básico e de execución en formato CD redactado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, co visado regulamentario do COAG de data 2 de novembro de 2016, número 1606505 e oficio de dirección facultativa a favor da indicada arquitecta
- A devandita documentación completouse coa memoria xustificativa do cumprimento das disposicións contidas no artigo 40 da LSG achegada o 7 de decembro, mediante escrito rexistrado de entrada co número 7936, en resposto ao previo requirimento de subsanación

Visto que consta no expediente informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal.

No referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural. Ordenanza: 7. Manifesta que as obras a realizar consisten, segundo o proxecto presentado na ampliación e substitución e ampliación de vivenda unifamiliar existente. Modifícase a disposición da cuberta orixinal a tres augas para facer unha a dúas co consecuente aumento do volume da edificación. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística sinala que se trata de obras de rehabilitación con ampliación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do

Concello de Viveiro

edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Engade que a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. Establecese a condición de que as características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación. E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica entendendo por tales, entre outros aspectos, a variación esencial da composición xeral exterior, circunstancia que se da neste caso por modificarse a disposición da cuberta orixinal a tres augas, para facer unha a dúas augas, co conseguinte aumento do volume da edificación teñan carácter de intervención total no mesmo. En consecuencia, o procedemento aplicable ao outorgamento da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar é o establecido no artigo 143 LSGa

- O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:ç

- A. Presentada solicitude de licenza urbanística por don NARCISO BENITEZ HIDALGO, á que se fixo achega da documentación esixida pola normativa vixente (artigo 143,3 da Lei 2/2016), fanse precisos, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da mesma Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística; facendose constar, no referido informe técnico, se fose necesario algún outro informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma, de forma tal que, de ser precisos aqueles, o Concello remitiralles o expediente para que emitan informe en materia das súas competencias; informes todos eles que deberán constar no procedemento que nos ocupa con carácter previo á concesión da licenza.
- B. Emitidos os informes preceptivos, e previo informe-proposta de resolución, corresponderá á Alcaldía, como órgano competente en aplicación do previsto no artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia resolver sobre o outorgamento da licenza.
- C. Na Resolución da licenza deberán facerse constar os seguintes extremos esixidos no artigo 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, a saber:
 - Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
 - Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.
 - Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.
 - Orzamento de execución material.
 - Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito
 - Nome ou razón social da persoa promotora

Concello de Viveiro

- Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras
- Prazos para o inicio e a terminación das obras e posibilidade de solicitar prórrogas

D. A Resolución de Alcaldía será notificada ós interesados na forma esixida pola normativa en materia de procedemento administrativo común, contando o órgano municipal competente cun prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Visto canto antecede, considérase no informe xurídico que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local, por delegación de atribucións da Alcaldía ditada mediante resolución de 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a don NARCISO BENITEZ HIDALGO licenza urbanística para a AMPLIACION E SUSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR existente no LG. PEDROUZOS, N.º 1 - SAN PEDRO, desta localidade, con referencia catastral 27067A037009880000XB, polígono 37, parcela 988, de acordo coas seguintes determinacións:

- A) As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de planeamento vixentes na localidade, debéndose respectar a máis o establecido no Plan ou estudo de seguridade aportado.
- B) As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Concello de Viveiro

Segundo.- DATOS REFERENTES Á LICENZA DE OBRA, A REFLEXAR NO ACORDO DE CONCESIÓN, DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 357.4 DO DECRETO 143/2016, DO 22 DE SETEMBRO, POLO QUE SE APROBA O RDUGa

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación SOLO DE NÚCLEO RURAL
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará. AMPLIACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR (USO RESIDENCIAL)
- Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos. ALTURA MÁXIMA: 6,50 MTS. VOLUME INICIAL: 338,66 M3/ VOLUME REFORMADO; 428,27 M3
- Orzamento de execución material. 19.358,57 EUROS
- Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito PEDROUZOS, Nº 1 -SAN PEDRO - VIVEIRO REF. CATASTRAL: 27067ª037009880000XB Polígono 37, Parcela 988.
- Nome ou razón social da persoa promotora NARCISO BENITEZ HIDALGO
- Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras
ARQUITECTA: SUSANA DIAZ PEREIRAS
- DIRECCIÓN OBRA: SUSANA DIAZ PEREIRAS

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

4.- CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIONS

EXPTE. 4269/2016. CLUB DE TIRO SAN ROQUE

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Club DE Tiro San Roque para o ano 2016, por importe de 500,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 500,00 euros, con cargo á aplicación



Concello de Viveiro

3400-48910 (Subvenciones deportes nominativa), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida Club de Tiro San Roque para o ano 2016, por importe de 500,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 4354/2016. C.D. EGOVARROS.

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao C.D. Egovarros para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvenciones deportes nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao C.D. Egovarros para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 4361/2016. A.D. SAN ROQUE.

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao A.D. San Roque para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportivas nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, declarando estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública e cos organismos da Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao A.D. San Roque para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 4385/2016. CLUBE DE XADREZ SAN ROQUE.

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Clube de Xadrez San Roque para o ano 2016, por importe de 600,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 600,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportivas nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, declarando estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública e cos organismos da Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Clube de Xadrez San Roque para o ano 2016, por importe de 600,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3400-48910

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 4396/2016. CLUBE BALONCESTO VIVEIRO.

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Clube Baloncesto Viveiro para o ano 2016, por importe de 6.000,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 6.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportivas nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, declarando estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública e cos organismos da Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Clube Baloncesto Viveiro para o ano 2016, por importe de 6.000,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3400-48910

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 1549/2016. ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES BEIRAS DE VIVEIRO.

Vista a proposta da Concellería de Facenda para a aprobación da conta xustificativa, polo importe total da subvención, e resto de subvención 2016 da Asociación de Comerciantes Beiras de Viveiro, por importe de 300,00 euros (a subvención ascendía a un total de 3.000,00 euros, dos cales 2.700,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 9 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 2.700,00 euros.

Visto que en data 30 de novembro co número de entrada 2016-RC-E-7811 á citada asociación aporta a documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48930 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Asociación de Comerciantes Beiras de Viveiro para o ano 2016, pola súa totalidade e o outorgamento do resto de subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 300,00 euros, con cargo á aplicación 3340-48930.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 4466/2016. CLUBE XIMNASIA VIVEIRO.

Vista a proposta da Concellería de Deportes para a aprobación da conta xustificativa, polo importe total da subvención, e resto de subvención 2016

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

do Clube Ximnasia Viveiro, por importe de 200,00 euros (a subvención ascendía a un total de 1.000,00 euros, dos cales 800,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 6 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 800,00 euros.

Visto que en data 13 de decembro co número de entrada 2016-RC-E-8026 á citada asociación aporta a totalidade da documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Clube Ximnasia Viveiro para o ano 2016, pola súa totalidade e o outorgamento do resto de subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 200,00 euros, con cargo á aplicación 3340-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 4371/2016.

Visto o escrito de D^a. Concepción González Penabad, con domicilio a efectos de notificación en Brieiro, Faro, N^o 37, Viveiro, no que solicita devolución de aval en concepto de garantía de reparación dos posibles danos que se poidan ocasionar no espazo público pola realización das obras de construción referentes á licenza URB 382/2012, por importe de 2.500,00 euros.

Visto o informe emitido polo vixiante urbanístico, no que indica que as obras e o espazo público quedaron en perfectas condicións, podendo devolverlle a fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D^a. Concepción González Penabad, para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar no espazo público pola realización das obras de construción referentes á licenza URB 382/2012, que ascende á cantidade de 2.500,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

EXPTE. 4255/2016.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Gilberta Rey Permuy, e domicilio en Lodeiro N^o2, 1^oC, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal .
Capacidade económica da persoa usuaria:	>200%<250% IPREM
Aportación económica:	40%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	60%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolucilón PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Gilberta Rey Permuy, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 4332/2016. AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Delfina López Rey, e domicilio en Lamas, N^o19, San Pedro, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%



Concello de Viveiro

Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	7 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva por vía de urxencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Delfina López Rey, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva mediante vía de urxencia, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 4348/2016. AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. M^a Esther Cerdeiras García, e domicilio en A Pinceira, N^o7, Galdo, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter doméstico
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. M^a Esther Cerdeiras García, coas características especificadas no informe da traballadora social, **pasando a lista de agarda.**

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 4349/2016. AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Juan Antonio Alemparte Méndez, e domicilio en Forxán, N^o7, Valcarría, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter doméstico
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. Antonio Alemparte Méndez, coas características especificadas no informe da traballadora social, pasando a lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 3561/2016. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E REPOSICIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DO TREITO INICIAL DO CAMIÑO REAL DE VIEIRO”

Visto o expediente de contratación CT 16/2016, (expte. 3561/2016) correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Pavimentación e reposición da rede de saneamento do treito inicial do Camiño Real de Vieiro”.

Visto o informe favorable da Secretaría Xeral e a conformidade de Intervención, sobre a tramitación do procedemento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra “Pavimentación e reposición da rede de saneamento do treito inicial do Camiño Real de Vieiro”, redactado polo arquitecto de obras en outubro de 2016, e cun orzamento de execución por contrata de 24.965,02 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación “Pavimentación e reposición da rede de saneamento do treito inicial do Camiño Real de Vieiro”, cun orzamento total de 24.965,02 euros, IVE incluído, cun prazo de execución de un mes, así como a aprobación do gasto.

Concello de Viveiro

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
20.632,25 €	4.332,77 €	24.965,02 €

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade.

Cuarto.- Nomear como director da obra ao arquitecto de obras municipal, Santiago Meitín Míguez, e no suposto de ausencia do mesmo, nomear para a súa substitución a D^a. Irene Fernández Cora.

Quinto.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de tres días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- CALFERLO, S.L. Polígono Industrial de Camba, parcela 56-57, C.P. 27850 Xove (Lugo).
- VIAQUA GETIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. Avda. Benito Galcerán Nº 22-24 C.P. 27850, viveiro (Lugo).
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L. Lagar s/n, C.P. 15330, Ortigueira (A Coruña).

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

7.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 4471/2016

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 4471/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4472/2016



Concello de Viveiro

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 4472/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 3655/2016.- EXPTE. 3815/2016.- EXPTE. 3867/2016.- EXPTE. 4228/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:45 horas do día 19 de decembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.